

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

18119 *Real decreto 1680/2009, do 13 de novembro, sobre a aplicación do réxime de pagamento único na agricultura e a integración de determinadas axudas agrícolas neste a partir do ano 2010.*

O Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 xaneiro de 2009, polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa aos agricultores no marco da política agrícola común e se instauran determinados réximes de axuda aos agricultores e polo que se modifican os regulamentos (CE) n.º 1290/2005, (CE) n.º 247/2006, (CE) n.º 378/2007 e se derroga o Regulamento (CE) n.º 1782/2003, establece, entre outras modificacións, a do réxime de pagamento único a partir de 2009.

O citado regulamento materializa as modificacións aprobadas no marco da última reforma, denominada coloquialmente «o chequeo médico da política agrícola común». Basicamente, axusta determinados elementos das axudas directas e avanza cara a unha simplificación do réxime de pagamento único. Algunhas das disposicións deste regulamento entran en vigor desde principio do ano 2009 e outras a partir de comezos de 2010.

No que se refire ás disposicións que entran en vigor a partir de 2010, hai algunhas que son fixas e outras que supoñen unha marxe de flexibilidade para que cada país, dentro da Unión Europea, realice as súas oportunas escollas. Na Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural do 20 de abril de 2009 atinxiuse o acordo nacional para a aplicación do «chequeo médico da PAC» en España.

Por isto cómpre un cambio en profundidade que se establecerá, co presente real decreto, no que se refire á introdución paulatina desde 2010 até 2012, de todos os réximes de axudas ligados á produción dentro do réxime de pagamento único, exceptuando a prima por vaca nutriz e a axuda específica ao cultivo do algodón.

A regulación básica aplicable ao réxime de pagamento único, contida neste real decreto, dítase en desenvolvemento e facendo uso da potestade regulamentaria habilitada polo artigo 120 da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social, e de acordo coa disposición derradeira sexta da Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sustentable do medio rural, que faculta o Goberno para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución desa lei nas materias competencia do Estado.

Este real decreto debe ser complementado con outro, actualmente en tramitación, en que se regularán as axudas que aínda permanecen ligadas á produción para os anos 2010 e 2011, xa que a partir do 1 de xaneiro de 2012 todos os pagamentos directos quedarán desligados, excepto o algodón e a vaca nutriz, ou ben recibirán unha axuda específica de acordo co artigo 68 do Regulamento (CE) n.º 73/2009, do 19 de xaneiro.

Por outro lado, unha peza capital para a transformación do sistema (dun de axudas á produción noutro de axudas aos profesionais da agricultura) é o tecido institucional necesario para a implementación do artigo 16 da Lei 45/2007, do 13 de decembro, a través dos denominados «contratos territoriais de zona rural» que deben seguir as directrices estratéxicas territoriais, que deben ser acordadas polas comunidades autónomas sobre a base do Programa de desenvolvemento rural sustentable, tecido institucional que está aínda en fase de elaboración.

O citado Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro, establece as distintas fórmulas con que se pode efectuar a asignación de dereitos de pagamento único, como consecuencia da integración dos sectores neste réxime a partir de 2009, destacando, en concreto, a asignación de dereitos de pagamento único aos viticultores que participasen no réxime de arrinca ou na axuda por destilación de alcohol de boca.

Por tanto, procede establecer, o antes posible, as bases para a integración dos sectores e as condicións xerais que, a partir da campaña 2010, deben cumprir os agricultores para poderéanse acoller ao réxime de pagamento único en España.

Os sectores que se desligan totalmente en 2010 en España son os seguintes: a prima específica á calidade do trigo duro, os pagamentos por superficies de cultivos herbáceos, a axuda á oliveira e os pagamentos por gando ovino e caprino.

En 2012 desligáranse a prima ás proteaxinosas, a axuda específica ao arroz, a axuda por superficie aos froitos de casca, as axudas aos produtores de pataca para fécula, a axuda para a transformación de forraxes desecadas, a axuda á transformación de liño e cânabo, a axuda ás sementes e a prima por sacrificio establecida no caso do gando bovino.

Por outro lado, hai que lembrar que a incorporación das axudas á transformación de froitas e hortalizas, no réxime de pagamento único, foi regulada polo Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro, polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa no marco da política agrícola común e se instauran determinados réximes de axuda aos agricultores e polo que se modifican os regulamentos (CEE) n.º 2019/93, (CE) n.º 1452/2001, (CE) n.º 15453/2001, (CE) n.º 1454/2001, (CE) n.º 1868/94, (CE) n.º 1251/1999, (CE) n.º 1254/1999, (CE) n.º 1673/2000, (CEE) n.º 2358/71 e (CE) n.º 2529/2001, xa derogado. De acordo con esa norma estableceuse un período transitorio, de modo que no sector dos cítricos, despois de dous anos de duración (2008 e 2009), finaliza coa incorporación do sector ao réxime en 2010. Igualmente, o sector do tomate, despois de tres anos de período transitorio (2008 a 2010), finaliza co desligamento, en 2011, da porcentaxe que durante eses anos permaneceu ligada. Ademais, conforme o artigo 38 do Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro, a superficie admisible para efectos do réxime de pagamento único no sector das froitas e hortalizas será unicamente, até o 31 de decembro de 2010, aquela pertencente a sectores que xerasen dereitos de pagamento único.

A regulación do sector transformador de cítricos realizouse en España, xunto co das froitas e hortalizas transformadas, mediante o Real decreto 262/2008, do 22 de febreiro, sobre a integración das froitas e hortalizas no réxime de pagamento único e o establecemento dos pagamentos transitorios para os sectores de cítricos e tomates enviados a transformación. Coa regulación neste real decreto da integración dos tomates para transformación e dos cítricos no réxime de pagamento único, e en prol dunha simplificación normativa, procede derogar o articulado correspondente do Real decreto 262/2008, do 22 de febreiro.

Por outra parte, finalizado o período transitorio (2006 a 2009) establecido no sector do tabaco cru polo Regulamento (CE) n.º 1782/2003, do Consello, do 29 de setembro, en virtude do cal o 38 por cento da axuda histórica se outorgou como pagamento desligado e o 62 por cento restante estivo destinado á axuda específica á produción, ao pagamento adicional en aplicación do seu artigo 69 e ao fondo comunitario do tabaco, a partir de 2010 a axuda integrada no réxime de pagamento único increméntase até o 45 por cento. O resto destinarase a medidas de desenvolvemento rural nas rexións produtoras de tabaco e á aplicación dunha axuda específica ao tabaco de calidade en virtude do artigo 68 do Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro.

De igual modo, deben establecerse as normas de asignación dos dereitos procedentes da reserva nacional e as que regulan as cesións de dereitos de pagamento único segundo o Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro, téndose considerado necesario transcribir algúns artigos do citado regulamento, na procura dunha maior comprensión do texto.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, coa aprobación previa da ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 13 de novembro de 2009,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto ten por obxecto establecer a normativa básica aplicable ao réxime de pagamento único establecido no Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro de 2009, polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa aos agricultores no marco da política agrícola común e se instauran determinados réximes de axuda aos agricultores e polo que se modifican os regulamentos (CE) n.º 1290/2005, (CE) n.º 247/2006, (CE) n.º 378/2007 e se derroga o Regulamento (CE) n.º 1782/2003.

2. Será de aplicación para establecer os dereitos de pagamento único que, a partir do ano 2010, deban concederse en virtude do Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro, conforme as porcentaxes ou importes indicados no anexo I.

3. Este real decreto será de aplicación en todo o territorio nacional, salvo na Comunidade Autónoma de Canarias, onde se aplicarán os seus programas específicos.

Artículo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto entenderase por:

a) «Agricultor»: a persoa física ou xurídica ou agrupación de persoas físicas ou xurídicas, con independencia da forma xurídica da agrupación ou dos seus membros, cuxa explotación se encontre no territorio español e que exerza unha actividade agraria.

b) «Explotación»: o conxunto de unidades de produción administradas por un mesmo agricultor, en cada campaña, que se encontren no territorio español.

c) «Actividade agraria»: a produción, a cría ou o cultivo de produtos agrarios, con inclusión da colleita, a muxidura, a cría de animais e o mantemento de animais para efectos agrícolas, ou o mantemento da terra en boas condicións agrarias e ambientais de acordo co disposto no artigo 6 do Regulamento (CE) n.º 73/2009, do 19 de xaneiro.

d) «Hectárea admisible»: para efectos da xustificación dos dereitos de axuda normais, son as superficies agrarias da explotación, incluídas as superficies plantadas de plantas forestais de rotación curta (código NC ex 0602 90 41), salvo as ocupadas por bosques ou as utilizadas predominantemente para actividades non agrarias, exceptuando, até o 31 de decembro de 2010, as superficies dedicadas á produción de froitas e hortalizas, nas cales unicamente se considerarán admisibles as superficies con tomates para transformación, cítricos, superficies con pexegueiros de carne amarela aptos para transformación, superficies con pereiras das variedades Williams e Rocha, superficies con ameixeiras da variedade de Ente, superficies con figueiras e superficies de viña para vinificación e para produción de uvas da variedade Moscatel.

Tamén se considerarán hectáreas admisibles as superficies utilizadas para xustificar dereitos de pagamento único no ano 2008, e que:

1.º Deixasen de cumprir a definición de «admisible» a consecuencia da aplicación das directivas 79/409/CEE do Consello, do 2 de abril de 1979, relativa á conservación das aves silvestres, e 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, e da Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas, ou que,

2.º Durante o transcurso do correspondente compromiso de cada agricultor, sexan forestadas de conformidade co artigo 31 do Regulamento (CE) n.º 1257/1999 do Consello, do 17 de maio de 1999, sobre a axuda ao desenvolvemento rural a cargo do Fondo

Europeo de Orientación e de Garantía Agrícola (FEOGA) ou o artigo 43 do Regulamento (CE) n.º 1698/2005, do 20 de setembro de 2005 ou conforme un réxime nacional cuxas condicións se axusten ao disposto no artigo 43, números 1, 2 e 3 dese regulamento e, que,

3.º Durante o transcurso do correspondente compromiso de cada agricultor, sexa unha superficie que se tiver retirado da produción conforme os artigos 22 a 24 do Regulamento (CE) n.º 1257/1999, do 17 de maio de 1999, ou ao artigo 39 do Regulamento (CE) n.º 1698/2005, do 20 de setembro de 2005.

e) Unidade de gando maior (UGM): para efectos do cálculo da actividade agraria, expresada en unidades de gando maior (UGM), en relación cos dereitos especiais, o número de animais en poder do agricultor converterase en UGM segundo a táboa de conversión seguinte:

Bovinos machos e xovencas de máis de 24 meses de idade, vacas nutrices, vacas leiteiras: 1,0 UGM.

Bovinos machos e xovencas de 6 a 24 meses: 0,6 UGM.

Bovinos machos e femias de menos de 6 meses: 0,2 UGM.

Ovinos e caprinos: 0,15 UGM.

Artigo 3. *Beneficiarios e requisitos.*

1. Terán dereito a percibir o pagamento único os agricultores que:

a) Sexan titulares de dereitos de pagamento único en virtude das asignacións realizadas nos anos 2006 a 2009, ou por tratarse de receptores de dereitos transferidos por cesión.

b) En virtude do Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro, obteñan dereitos de pagamento único derivados de:

1.º O desligamento total, no ano 2010, dos réximes de axuda de cultivos herbáceos, prima á calidade do trigo duro, axuda á oliveira e primas por ovella e cabra, conforme o establecido nos artigos 64 e 65 do citado regulamento.

2.º A integración no réxime, a partir do ano 2010, da prima á arrinca de viña, conforme a establecido no artigo 33.1.b) e a letra B do anexo IX do citado regulamento.

3.º A integración no réxime, no ano 2010, da axuda á destilación de alcohol de boca, conforme o establecido no artigo 33.1.b) e a letra C do anexo IX do citado regulamento.

4.º A integración no réxime, no ano 2010, das superficies con plantacións de cítricos existentes en 30 de setembro de 2006.

5.º O desligamento total, no ano 2012, dos réximes da prima ás proteaxinosas, a axuda específica ao arroz, a axuda por superficie aos froitos de casca, as axudas aos produtores de pataca para fécula, a prima á fécula de pataca, a axuda para a transformación de forraxes desecadas, a axuda á transformación de liño e cânabo, a axuda ás sementes e a prima por sacrificio establecida no caso do gando bovino.

c) En virtude do Regulamento (CE) n.º 73/2009, do 19 de xaneiro de 2009, obteñan dereitos de pagamento único:

1.º Da reserva nacional regulada mediante o artigo 41 do citado regulamento.

2.º Mediante cesións, reguladas no artigo 43 do citado regulamento.

2. Os agricultores a que se refire o número 1, para poderen cobrar os importes correspondentes aos seus dereitos, deberán:

a) Presentar cada ano, desde a súa incorporación ao réxime, incluído aquel en que se produce, a solicitude establecida no real decreto que regule a solicitude única no ano correspondente.

b) Cumprir os requisitos establecidos no real decreto que regule a solicitude única en cada ano, no que se refire á declaración de hectáreas admisibles para xustificar os dereitos

de pagamento de que é titular ou as unidades de gando maior (UGM) correspondentes no caso de que se trate de dereitos especiais.

3. Non se asignarán dereitos de pagamento único a ningún beneficiario cando se demostre que este creou artificialmente as condicións para tal asignación.

Artigo 4. *Tipos de dereitos.*

Os dereitos de pagamento único clasifícanse en función das súas características e da súa orixe tal e como se detalla a seguir:

a) En función das súas características:

1.º Dereitos de axuda normais: os obtidos polos agricultores ou gandeiros con base nos pagamentos directos recibidos no período de referencia por algún réxime de axuda no cal sexa necesario declarar superficies na súa solicitude de axuda.

2.º Dereitos de axuda especiais: os obtidos polos agricultores con base nos pagamentos directos recibidos no período de referencia por algún dos réximes de axuda que se citan no artigo 47 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro, e os establecidos segundo o artigo 65, parágrafo cuarto, do Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro de 2009.

b) En función da súa orixe:

1.º Dereitos procedentes da asignación inicial. Aqueles que se asignan aos agricultores que obtiveron pagamentos no período de referencia despois da resolución da asignación definitiva de dereitos.

2.º Dereitos procedentes da reserva nacional. Aqueles que se asignan aos agricultores que solicitan dereitos da reserva.

Artigo 5. *Sistema de identificación e rexistro dos dereitos de axuda.*

a) En cumprimento do Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro, establécese no Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, un sistema de identificación de dereitos de axuda de ámbito nacional que contará cun rexistro electrónico en que se incluírán, polo menos, os seguintes elementos:

- 1.º Titular ou titulares do dereito con indicación do seu NIF.
- 2.º O valor dos dereitos.
- 3.º A data de constitución de cada dereito.
- 4.º A data da última utilización dos dereitos.
- 5.º A orixe do dereito, segundo o artigo 4.
- 6.º O tipo de dereito, segundo o artigo 4.
- 7.º Nos dereitos especiais, o número de UGM asociadas ao período de referencia.
- 8.º Ano de asignación do dereito.
- 9.º Indicación de se o dereito está temporalmente arrendado a outro titular.
- 10.º Porcentaxe de participación do dereito.

b) Este sistema debe permitir verificar os dereitos e realizar comprobacións cruzadas coas solicitudes de axuda e o sistema de identificación das parcelas agrícolas, así como consultar os datos correspondentes, referidos como mínimo aos catro anos naturais ou campañas de comercialización consecutivos anteriores.

c) A base de datos de movementos de dereitos, creada e mantida cos datos que deben fornecer as comunidades autónomas, estará dispoñible para cada unha delas de forma que poidan efectuar a xestión relativa ao réxime de pagamento único.

CAPÍTULO II

Integración dos distintos sectores no réxime de pagamento único

Artigo 6. *Importe de referencia e período de referencia.*

1. Os límites orzamentarios e os períodos de referencia para o cálculo do importe de referencia, serán os recollidos no anexo I.

2. O importe de referencia correspondente a cada beneficiario, para os réximes determinados nos artigos 7 e 8, calcularase distribuíndo os límites orzamentarios recollidos no dito anexo I entre os beneficiarios en función das axudas, antes de penalizacións, a que tiver dereito no período de referencia, segundo establecen os artigos 64 e 65 do Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro.

3. O cálculo do importe de referencia dos beneficiarios que participasen nos réximes determinados nos artigos do 9 ao 11 detállase nos artigos correspondentes.

Artigo 7. *Incorporación ao réxime de pagamento único dos réximes que se desligan na campaña 2010.*

1. Na campaña 2010 os beneficiarios que se incorporarán ao réxime de pagamento único serán os agricultores para os cales, de acordo co título IV do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro, e durante o período de referencia, se establece, como mínimo, unha das seguintes superficies ou animais:

a) Superficie determinada en relación cos pagamentos por superficies de cultivos herbáceos.

b) Superficie determinada en relación coa prima específica á calidade do trigo duro.

c) Superficie determinada para a axuda á oliveira.

d) Animais determinados en relación cos pagamentos por gando ovino e caprino.

2. Se os beneficiarios xa tiveren dereitos de pagamento único, incrementarase o seu valor engadindo a estes o importe de referencia calculado como consecuencia da integración deste sector no réxime de pagamento único.

3. Se os beneficiarios non tiveren dereitos de pagamento único, asignaráselles un número de dereitos igual ao número de hectáreas que se inclúan na solicitude única de axudas que se presente no ano 2010, que sexan admisibles para pagamento único e que resulten determinadas no proceso de control. Neste caso o valor de cada dereito establecerase dividindo o importe de referencia entre o número de dereitos establecido.

4. No caso dos produtores de ovino e caprino, se o produtor non dispuxer de dereitos normais de pagamento único ou de hectáreas admisibles declaradas na súa solicitude única do ano 2010, ou cando o seu dereito de pagamento por hectárea calculado segundo o número 2 resultar superior a 5.000 euros, asignaráselle dereitos especiais que non superarán os 5.000 euros por dereito, tal e como establece o artigo 65 do Regulamento (CE) n.º 73/2009, do 19 de xaneiro.

Artigo 8. *Incorporación ao réxime de pagamento único dos réximes que se desligan na campaña 2012.*

1. Incorporaranse ao réxime de pagamento único as seguintes axudas:

a) Prima ás proteaxinosas.

b) Axuda específica ao arroz.

c) Axuda por superficie aos froitos de casca.

d) Axudas aos produtores de pataca para fécula.

e) Axuda ás sementes.

f) Prima por sacrificio do gando bovino.

2. Tamén se incorporarán ao réxime de pagamento único as seguintes axudas á transformación establecidas no título I, capítulo IV, sección I, do Regulamento (CE) n.º

1234/2007 do Consello, do 22 de outubro, polo que se crea unha organización común de mercados agrícolas e se establecen disposicións específicas para determinados produtos agrícolas (Regulamento único para as OCM):

- a) Prima á fécula de pataca.
- b) Axuda para a transformación de forraxes desecadas.
- c) Axuda á transformación de liño e cânabo.

O importe de referencia establecerase en función da axuda que eses agricultores recibiron durante o período de referencia que figura no anexo I deste real decreto para cada réxime de axuda correspondente.

3. Os números 2, 3 e 4 do anterior artigo serán de aplicación nesta incorporación ao réxime de pagamento único. As referencias á campaña 2010 entenderanse como se fosen 2012 e a referencia aos produtores de ovino e caprino entenderanse aos produtores no caso da prima por sacrificio de gando bovino.

Artigo 9. Asignación de dereitos de pagamento único aos agricultores que dispuñan de superficies plantadas de cítricos en 30 de setembro de 2006, e realizaron a declaración desas superficies na solicitude única do ano 2008.

1. Os beneficiarios que se incorporarán ao réxime de pagamento único en 2010 serán os agricultores con plantacións de cítricos existentes en 30 de setembro de 2006 que as declarasen na solicitude única do ano 2008.

O número de dereitos de axuda corresponderase co número de hectáreas de cítricos existentes en 30 de setembro de 2006, que fosen declaradas na solicitude única do ano 2008 e que resulten determinadas no proceso de control realizado polas comunidades autónomas.

2. Para calcular os importes de referencia por tipo de produto, establecidos no anexo I, multiplicaranse as hectáreas determinadas por tipo de produto polo importe unitario correspondente a cada tipo. Este importe unitario será o resultado de dividir os tres límites orzamentarios diferenciados por tipos segundo figura no anexo I, entre o total nacional de hectáreas determinadas de cada tipo. O importe de referencia de cada agricultor será a suma dos importes de referencia de cada tipo de produto.

Artigo 10. Asignación de dereitos de pagamento único aos viticultores que realizaron entregas de uva, directa ou indirectamente, a produtores que formalizaron contratos autorizados con destiladores beneficiarios da axuda comunitaria á destilación de alcohol de boca durante as campañas de comercialización 2005/2006 e/ou 2006/2007.

1. Os beneficiarios que se incorporarán ao réxime de pagamento único en 2010 serán os viticultores que realizan entregas de uva directa ou indirectamente a un produtor con algún contrato autorizado para a destilación de alcohol de boca nas campañas de comercialización 2005/2006 e/ou 2006/2007.

O importe de referencia de cada viticultor calcularase multiplicando o número de dereitos de axuda asignados por un importe unitario de 700 €/ha.

2. O número de dereitos de cada viticultor determínase a partir das hectáreas utilizadas, a nivel nacional, durante o período de referencia, para a produción de uva cuxo destino final fose a destilación de alcohol de boca. O cálculo destas hectáreas totais, a nivel nacional, obtense da relación existente entre os hectolitros totais (hl) de viño autorizado para destilación de alcohol de boca en España durante o período de referencia e un rendemento de 38,66 hectolitros por hectárea (hl/ha). A media do período de referencia de viño autorizado para destilación para España foi de 6.806.497,5 hl. A superficie de referencia ficou establecida en 176.060 ha.

3. O número de dereitos de cada viticultor determínase en dúas fases. Nunha primeira fase distribúese a superficie nacional entre os produtores con contrato autorizado para destilación de alcohol de boca, en función dos hectolitros totais autorizados a cada un

deles, no período de referencia. A seguir, as hectáreas asignadas a cada produtor son repartidas entre os viticultores que fixesen entregas de uva a aqueles, proporcionalmente ás entregas de uva realizadas por cada viticultor, con respecto ás entregas totais realizadas a cada produtor no período de referencia, que figuren na correspondente declaración de produción ou, se for o caso, de colleita, sendo finalmente o número de dereitos igual ao número de hectáreas asignado. Só se terán en conta as entregas realizadas nas campañas do período de referencia en que o produtor tiver un contrato autorizado para a destilación de alcohol de boca.

Artigo 11. *Asignación de dereitos de pagamento único aos viticultores beneficiarios da prima á arrinca de viña que realizasen a arrinca nalgún dos anos 2009, 2010, 2011.*

1. Os beneficiarios que se incorporarán ao réxime de pagamento único serán os viticultores que percibisen a prima por arrinca de viña nalgún dos anos do período de referencia. En 2010, 2011 e 2012 asignaranse, respectivamente, os dereitos correspondentes aos beneficiarios que realizasen a arrinca nalgún dos anos 2009, 2010 ou 2011.

2. O número de dereitos será igual ao número de hectáreas respecto das cales o beneficiario recibise a prima por arrinca de viña no ano correspondente.

3. O importe dos dereitos terá un valor unitario igual ao valor da media rexional dos dereitos de pagamento da comunidade autónoma onde estea situada a hectárea correspondente. O valor unitario non poderá ser superior en ningún caso a 350 €/ha. Cando as hectáreas polas cales se recibiu a prima por arrinca se tivesen en conta previamente para a asignación de dereitos de pagamento único, o importe dos dereitos existentes verase aumentado polo novo importe mencionado na disposición anterior.

Artigo 12. *Incremento do valor de dereitos de pagamento único, no ano 2011, aos agricultores que xa dispoñan de dereitos de pagamento único procedentes do desligamento parcial do 50 por cento da axuda á transformación do tomate realizado no ano 2008.*

Por aplicación do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro, no ano 2011, procederase a incrementar o valor dos dereitos dos agricultores que teñen unha asignación derivada do desligamento parcial, en 2008, das axudas á produción de tomate destinado a transformación, duplicando o importe existente nos seus dereitos procedente destas axudas co fin de que o factor de desligamento pase a ser do 100 por cento.

Artigo 13. *Incremento de valor dos dereitos de pagamento único, no ano 2010, aos agricultores que xa dispoñan de dereitos de pagamento único procedentes do desligamento parcial do 38 por cento da axuda específica ao tabaco cru.*

Por aplicación do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro, procederase a incrementar, en 2010, o importe dos dereitos de pagamento único provenientes do desligamento parcial do 38 por cento da axuda á produción de tabaco cru. O incremento será do sete por cento.

CAPÍTULO III

Asignación de dereitos

Artigo 14. *Asignación de dereitos de axuda provisorios e definitivos. Solicitude de admisión ao réxime do pagamento único.*

1. Os dereitos provisorios correspondentes ao ano 2010 asignaranse antes do 30 de novembro de 2009, no caso da destilación de alcohol de boca, trigo duro, herbáceos, oliveira, ovino-caprino e cítricos; e do 1 de xaneiro de 2010, no caso da prima á arrinca de viña. A asignación provisoria comunicáraselles aos interesados antes do 31 de xaneiro de 2010 para que poidan presentarse alegacións. Os dereitos provisorios correspondentes ao

ano 2012 asignaranse antes do 30 de novembro de 2011, e a asignación comunicárase aos interesados antes do 31 de xaneiro de 2012 para efectos de que poidan formular alegacións.

Se un produtor non posuír dereitos de pagamento único no momento da asignación dos dereitos provisorios descritos no parágrafo anterior, comunicánselle unicamente os importes provisorios de referencia que se terán en conta na asignación dos dereitos definitivos de pagamento único que se realizarán unha vez que se determine a superficie admisible da campaña correspondente.

2. Os dereitos definitivos de pagamento único que se establecerán no ano 2010 calcularanse despois de finalizar o período de valoración de alegacións e asignaranse, o máis tardar, o 31 de decembro de 2010, sempre que o produtor se encontre nalgunha das circunstancias recollidas no artigo 3.1. Así mesmo, os dereitos definitivos que se establecerán no ano 2012 asignaranse de maneira definitiva, o máis tardar, o 31 de decembro de 2012.

3. Todos aqueles agricultores aos cales se lles vaian asignar dereitos e que non posúan en propiedade dereitos de pagamento único previos no momento de presentar a súa solicitude única ou que pertencen a sectores que se incorporan por primeira vez ao réxime de pagamento único, e concretamente no ano 2010 os agricultores que reciban dereitos en propiedade con base nos artigos 9, 10 e 11 deberán solicitar, na comunidade autónoma en que presenten a solicitude única o ano de integración do correspondente sector, a admisión ao réxime de pagamento único para poderen participar nel e recibir a asignación de dereitos definitivos que lles corresponda.

Artigo 15. *Comunicacións e actualización.*

1. As comunidades autónomas, unha vez que o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño enviase os datos necesarios para tal fin, remitirán aos beneficiarios do réxime de pagamento único, definidos no artigo 3.1.b), por calquera das formas posibles que permitan a estes o coñecemento dos seus propios datos, incluída a posibilidade de acceso ás bases de datos, unha comunicación de dereitos provisorios que conteña, ao menos, a seguinte información:

- a) O importe de referencia establecido como consecuencia da incorporación das axudas de cada un dos sectores en réxime de pagamento único.
- b) O número de hectáreas, se procede, establecido como consecuencia da incorporación das axudas dos sectores en réxime de pagamento único.
- c) O número e valor dos dereitos de axuda provisorios que se determinen.

2. Para os efectos desta comunicación, considerarase competente a comunidade autónoma en que o produtor teña asignados os seus dereitos de pagamento único. En caso de que sexa un novo beneficiario dese réxime, considerarase a comunidade autónoma onde o produtor presentase a súa última solicitude única. En caso de que sexa a primeira vez que o produtor presenta a súa solicitude única, considerarase a comunidade autónoma que comunicase un maior importe de referencia para incorporar nos dereitos provisorios dese produtor.

3. Aqueles agricultores que estean en desacordo cos datos correspondentes aos dereitos provisorios que se lles comuniquen poderán presentar en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ante a autoridade competente, do 1 de febreiro ao 30 de abril do ano 2010, no caso dos dereitos provisorios asignados con efectos 2010, ou do 1 de febreiro ao 30 de abril do ano 2012, no caso dos dereitos provisorios asignados con efectos 2012, alegacións, que conterán, ao menos, a información detallada no anexo II, mediante as cales se xustifiquen os motivos para un novo cálculo dos dereitos de axuda. Así mesmo, de acordo co disposto no artigo 6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, as alegacións poderanse presentar por medios electrónicos.

4. Para efectos de poder calcular os dereitos definitivos, os agricultores que se acollan ao establecido nos artigos 17 a 19 deberán comunicar á comunidade autónoma

onde presenten a súa solicitude única, por calquera das formas posibles, incluídas as telemáticas e nos modelos que esta estableza, os datos e documentos que se relacionan nos anexos II a V antes do día 30 de abril de 2010 no caso dos dereitos provisorios asignados en 2010 e do 30 de abril de 2012 no caso dos dereitos provisorios asignados en 2012.

5. As comunicacións de modificacións propostas polos agricultores serán examinadas pola autoridade competente e, en caso de seren aceptadas, efectuaranse as oportunas correccións.

Artigo 16. *Condicións xerais das alegacións.*

1. Os agricultores a que nos anos 2010 e 2012 se lles comunique a concesión de dereitos provisorios de pagamento único como consecuencia da incorporación a este dos réximes de axudas relacionados neste real decreto, poderán presentar alegacións a esta concesión no período de presentación de solicitude única do ano correspondente.

2. As alegacións aos dereitos provisorios comunicados poderán ser de catro tipos:

- a) Inicio de actividade durante o período de referencia.
- b) Causa de forza maior ou dificultades excepcionais no período de referencia.
- c) Cambios de titularidade da explotación.
- d) Solicitude de corrección de erros.

3. A posibilidade de formular alegacións, ao abeiro do previsto nas alíneas a) e b) do número anterior, non será de aplicación nin no sector dos cítricos nin no do tomate para transformación, nin no do tabaco. Tampouco será aplicable aos beneficiarios da prima á arrinca de viña.

Artigo 17. *Alegacións á comunicación de dereitos provisorios por agricultores que iniciasen a actividade durante o período de referencia.*

1. Os agricultores que iniciasen a actividade nalgún dos sectores que se incorporan ao réxime de pagamento único relacionados no artigo 3.1.b), durante o período de referencia correspondente, deberán realizar a comunicación establecida no artigo 15.4, de modo que se poida establecer o importe de referencia e/ou o número de hectáreas correspondentes, con base unicamente no ano ou anos naturais en que se exercese a actividade agraria durante o período de referencia.

2. Para verificar a autenticidade do inicio de actividade, comprobarase que estes produtores non exerceron a actividade agraria nin recibiron axudas agrarias nos cinco anos anteriores á data de incorporación alegada.

3. A actividade agraria deberá ter sido exercida con continuidade desde entón, salvo que sexa de aplicación algunha das causas de forza maior establecidas no artigo 18.1. Na comprobación desta circunstancia terase en conta o rexistro de titularidade compartida establecido na Orde ARM/2763/2009, do 5 de outubro, pola que se regula o Rexistro de titularidade compartida de explotacións agrarias.

Artigo 18. *Alegación á comunicación de dereitos provisorios por agricultores afectados por causa de forza maior ou dificultades excepcionais no período de referencia.*

1. Poderanse acoller ao réxime de pagamento único todos aqueles agricultores cuxa produción, durante algún ano do período de referencia, se vise afectada por causa de forza maior ou dificultades excepcionais, conforme o disposto no artigo 31 do Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro.

Para eses efectos, soamente serán consideradas causas de forza maior e circunstancias excepcionais as seguintes:

- a) Falecemento ou desaparición do agricultor.
- b) Incapacidade laboral de longa duración do agricultor.

c) Catástrofe natural grave que afectase gravemente as terras agrarias da explotación. Para poderse acoller a este suposto deberá existir declaración de zona catastrófica por parte da autoridade competente, na rexión onde estea situada a explotación. En ningún caso poderán considerarse causa de forza maior ou circunstancia excepcional as circunstancias climáticas anormais ocorridas nunha ou varias campañas, tales como os efectos das xeadas sobre os cultivos, a falta de auga en regadíos ou outras situacións similares.

d) Destrución accidental de naves gandeiras da explotación.

f) Epizootia que afectase unha parte ou a totalidade do gando do produtor.

2. Os agricultores cuxa produción, durante o período de referencia, se vise afectada por algún dos casos de forza maior ou circunstancias excepcionais, ocorridos antes do citado período ou durante el, deberán realizar a comunicación establecida no artigo 15.4, co fin de calcular o importe de referencia e o número de hectáreas que lles correspondan en función do ano do período de referencia non afectados por estes acontecementos. Non se poderán ter en conta causas de forza maior ou circunstancias excepcionais cando outro titular obtivese produción no sector considerado ou solicitase e obtivese outras axudas directas para a mesma explotación e período.

3. En caso de que as situacións alegadas cubran todo o período de referencia, establecerase un importe de referencia de acordo con criterios obxectivos, de modo que quede garantida a igualdade de trato entre os agricultores e se evite o falseamento da competencia e do mercado. No caso de produtores dos sectores ovino e caprino que no período de referencia estivesen afectados por lingua azul, a Administración introducirá de oficio a correspondente alegación e terá en conta como período de referencia o primeiro ano anterior en que a súa explotación non sufrise os efectos da epizootia.

Artigo 19. Alegacións á comunicación de dereitos provisorios por agricultores que realizen cambios de titularidade.

1. Os agricultores que, cumprindo os demais requisitos e condicións previstos no réxime de pagamento único, recibisen a explotación ou parte dela dun agricultor dos sectores incorporados determinados no artigo 3.1.b), por algunha das circunstancias indicadas no número seguinte, deberán realizar a comunicación establecida no artigo 15.4.

2. As circunstancias a que fai referencia o número anterior son as seguintes:

a) Por herdanza ou transmisión inter vivos a favor dun familiar de primeiro grao do titular dos dereitos provisorios nos supostos de xubilación da actividade agraria ou por cesamento anticipado da actividade agraria.

O herdeiro ou o sucesor da transmisión inter vivos terá os mesmos dereitos e obrigas que o agricultor ao cal sucede na explotación. Non é posible herdar ou recibir unicamente dereitos provisorios, senón que estes se reciben como consecuencia da herdanza ou transmisión da explotación e a actividade agraria. Esta situación inclúe os herdeiros ou sucesores de arrendatarios de terras con dereitos de pagamento único que reciben o contrato de arrendamento xunto aos dereitos na herdanza ou transmisión inter vivos.

b) Por cambio da personalidade xurídica ou da denominación do agricultor.

c) Por fusión ou escisión.

d) Por compravenda con cesión dos dereitos provisorios.

Todos aqueles contratos de venda ou cesións gratuítas liquidadas de impostos indirectos aplicables á compravenda, celebrados ou modificados antes da data límite da presentación das solicitudes de pagamento único no primeiro ano de solicitude única do sector incorporado, que estipulen que se cede a totalidade ou parte da explotación, cos dereitos provisorios de axuda xerados polas unidades de produción correspondentes, terán carácter de cesión dos dereitos de axuda con terras, pero non se aplicará a peaxe correspondente ao se tratar de dereitos provisorios e non definitivos.

Inclúense neste suposto as finalizacións de arrendamentos onde o arrendatario cede ao arrendador os dereitos provisorios xunto coa devolución das terras.

3. Aos produtores que presentasen unha cesión de dereitos de pagamento único, con posterioridade ao 1 de novembro de 2007, por algún dos supostos determinados nas alíneas a), b) e c) do número anterior, concederáselles de oficio o cambio de titularidade dos dereitos provisorios correspondentes a favor do receptor da cesión de dereitos previamente presentada e aprobada pola autoridade competente.

4. Para os efectos da aplicación deste artigo terase en conta o establecido polo Real decreto 297/2009, do 6 de marzo, sobre titularidade compartida nas explotacións agrarias.

Artigo 20. *Corrección de erros.*

1. Se un agricultor non estiver de acordo cos datos do período de referencia recibidos xunto coa asignación dos dereitos provisorios, presentará a correspondente alegación, indicando un ou varios dos supostos recollidos no anexo II, para que se proceda á corrección dos erros detectados. Para isto observárase o disposto no artigo 15.3 relativo ás comunicacións e actualizacións de datos.

2. Esta alegación non exime o agricultor do disposto no artigo 14.3, respecto á solicitude de admisión ao réxime de pagamento único, para que, en caso de se aceptar a súa alegación, se lle calculen os seus dereitos definitivos.

Artigo 21. *Contratos de arrendamento no ano de asignación dos dereitos de pagamento único procedentes dos sectores relacionados no artigo 3.1.b), de acordo co disposto no Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril, que establece disposicións de aplicación do réxime de pagamento único previsto no Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa no marco da política agrícola común e se instauran determinados réximes de axuda aos agricultores.*

1. Os arrendamentos de terras vixentes o ano de asignación dos novos dereitos de axuda consecuencia da incorporación de novos sectores ao réxime de pagamento único, poderanse considerar arrendamentos con terras sempre que exista algunha cláusula nun contrato de arrendamento que prevexa a cesión dun número de dereitos que non exceda o número de hectáreas arrendadas e cumpra co establecido no citado artigo.

2. Os dereitos de axuda e as hectáreas arrendaranse polo mesmo período de tempo. O arrendador solicitará o establecemento dos dereitos de axuda e o arrendatario solicitará o pagamento.

3. As solicitudes de arrendador e arrendatario poderanse presentar de forma simultánea sempre que ambos teñan que presentala na mesma comunidade autónoma. En caso de que non se presenten de forma simultánea, as solicitudes de arrendatario e arrendador incluirán, de forma obrigatoria, unha referencia á outra parte do contrato de arrendamento canto ao nome e apelidos, NIF do arrendatario ou do arrendador segundo corresponda, e número de dereitos arrendados.

CAPÍTULO IV

Reserva nacional

Artigo 22. *Constitución da reserva nacional.*

Á reserva nacional, constituída de acordo co artigo 41 do Regulamento n.º (CE) 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro, incorporaránselle en diante os importes establecidos nese artigo e ademais:

a) Todo dereito de axuda do cal non se teña feito uso durante un período de dous anos consecutivos, salvo en casos de forza maior ou circunstancias excepcionais

establecidas no artigo 18. Non obstante, durante 2010 os dereitos de pagamento único non utilizados durante o bienio 2008-2009 non se engadirán á reserva nacional se foron utilizados en 2007.

b) Todos os importes retidos por aplicación das porcentaxes deducidas como consecuencia das vendas e cesións a que se refiren o artigo 43.3 do Regulamento n.º (CE) 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro, realizadas de acordo co establecido neste real decreto.

Artigo 23. *Acceso á reserva nacional.*

1. Os agricultores que desexen solicitar dereitos de pagamento único con cargo á reserva nacional deberán presentar a solicitude, xunto coa información mínima establecida no anexo VI, entre o 1 de febreiro e o 30 de abril e ante a autoridade competente a que presenten a solicitude única de cada ano, conforme o establecido no real decreto do ano correspondente. Non obstante, no caso de sentenzas firmes ou actos administrativos firmes, se a notificación a recibiu o interesado con posterioridade ao día 1 de abril, a solicitude poderase presentar no ano citado ou no posterior.

2. Obterán dereitos de pagamento único da reserva nacional, sempre que cumpran as condicións establecidas:

a) Agricultores lexitimados para recibiren dereitos de axuda ou para aumentaren o valor dos dereitos existentes por sentenzas xudiciais firmes ou actos administrativos firmes de acordo co disposto no artigo 41.4 do Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro.

b) Os novos agricultores de acordo co disposto no artigo 41.2 do Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro, nas seguintes situacións:

1.º Novos agricultores que realizasen a súa primeira instalación no ámbito dun programa de desenvolvemento rural establecido de acordo co Regulamento (CE) n.º 1698/2005 do Consello, do 20 de setembro, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), iniciando a súa actividade nalgún dos sectores que xa estean incorporados no réxime do pagamento único.

Cando a incorporación se producise no sector vitivinícola, só poderán solicitar dereitos á reserva nacional aqueles novos agricultores que, cumprindo a condición anterior, relativa á instalación no ámbito dun programa de desenvolvemento rural, realizasen entregas de uva, directa ou indirectamente, a produtores que elaborasen mosto non destinado á vinificación ou ben a produtores con algún contrato autorizado para a destilación de alcohol de boca.

Cando a incorporación se producise no sector citrícola, poderán solicitar dereitos á reserva nacional aqueles novos agricultores que cumpran a condición anterior, relativa á instalación no ámbito dun programa de desenvolvemento rural, e tal instalación se producise con posterioridade ao 30 de setembro de 2006.

2.º No ano 2010 poderán solicitar dereitos á reserva nacional os novos agricultores que iniciasen a súa actividade agraria e que o comezo desta actividade se producise no sector vitivinícola, e que, sen teren datos en ningunha das campañas de comercialización do período de referencia 2005/2006 e 2006/2007, realizasen, na campaña de comercialización 2007/2008, entregas de uva a algún dos produtores de viño que actuaron no período de referencia, no marco da destilación de alcohol de boca. Estes novos agricultores deberán demostrar que exerceron a actividade de forma continuada desde a súa incorporación ao sector até o momento da solicitude e que non recibiron axudas directas nin realizaron entregas de uva nos 5 anos anteriores á súa incorporación.

c) Co obxecto de evitar o abandono de terras ou para compensar desvantaxes específicas para determinados agricultores, conforme o previsto no artigo 41.3 do Regulamento n.º (CE) 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro, poderán solicitar dereitos á reserva nacional os agricultores cuxas explotacións se encontren situadas:

1.º En zonas suxeitas a programas de reestruturación ou de desenvolvemento relativos a algún tipo de intervención pública tales como transformacións en regadío para cultivos herbáceos, concentracións parcelarias, e beneficiarios de dereitos de reserva nacional de programas gandeiros, e que non recibisen xa dereitos de pagamento único da reserva nacional polas mesmas unidades de produción.

2.º Para o ano 2010, a agricultores situados en zonas suxeitas aos programas de reestruturación da viña derivados da aplicación do Regulamento (CE) n.º 1493/1999 do Consello, do 17 de maio de 1999, polo que se establece a organización común do mercado vitivinícola, que fosen beneficiarios das axudas a eses programas e que visen reducida a súa produción nas campañas 2005/2006 e 2006/2007 como consecuencia deles. As parcelas reestruturadas deberán ter sido plantadas nos anos 2003 a 2006 inclusive. O viticultor, na campaña 2004/2005 e posteriormente ao programa de reestruturación, deberá ter realizado entregas de uva, directa ou indirectamente, a produtores que, durante o período de referencia 2005/2006 e/ou 2006/2007, elaborasen mosto non destinado á vinificación ou ben dispuxesen de contrato autorizado para a destilación de alcohol de boca.

3.º Para o ano 2010 a agricultores situados en zonas suxeitas a un programa público de modernización de regadíos polo cal, e polo feito da execución das obras, non puidesen percibir importes ligados no sector dos cultivos herbáceos en un ou en ambos os anos do período de referencia establecido para ese sector.

Artigo 24. *Condicións xerais da reserva nacional.*

1. Os solicitantes de dereitos da reserva nacional dos supostos determinados nas alíneas b) e c) do número 2 do artigo anterior deberán, en todos os casos, dispor de hectáreas admisibles para efectos do pagamento único para que os dereitos de pagamento único se lles poidan asignar con base nesas hectáreas. En ningún caso o número de dereitos normais de axuda concedidos, procedentes da reserva nacional, poderá exceder o número de hectáreas que o agricultor podería utilizar para xustificar os seus dereitos de pagamento único e respecto ás cales non ten ningún dereito de axuda.

2. Se un agricultor cumpre a un tempo todas ou algunhas das condicións requiridas para recibir dereitos da reserva nacional por diferentes causas sobre as mesmas unidades de produción, recibirá un número de dereitos igual ou menor que o número de hectáreas que declara e cuxo valor sexa o máis elevado que poida obter por cada unha das condicións que satisfai.

3. No caso de que o agricultor estea lexitimado para recibir dereitos de axuda ou para aumentar o valor dos dereitos existentes en virtude dunha sentenza ou dun acto administrativo firme, o agricultor recibirá dereitos no número e valor que corresponda conforme a sentenza ou o acto administrativo firme.

Artigo 25. *Criterios para o cálculo da reserva nacional.*

1. No caso dos novos agricultores que iniciasen a súa actividade de acordo co establecido no artigo 41.2 do Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro, calcularanse os seus dereitos, se procede, segundo o establecido no Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril. O número de dereitos que se asignen corresponderase coas hectáreas de que dispoña o agricultor que consten no programa de desenvolvemento rural e respecto ás cales non ten ningún dereito de axuda.

2. Para os viticultores que se encontren na situación especificada no número 2.b) 2.º do artigo 23, o importe unitario do dereito asignado será de 700 euros. O número de dereitos calcularase proporcionalmente ás súas entregas de uva da campaña 2007/2008, a algún dos produtores de viño que actuaron no período de referencia, seguindo o método de cálculo establecido no artigo 10, e dependerá das hectáreas afectadas por cada unha das solicitudes polas cales non se posúan xa dereitos de pagamento único.

3. Aos agricultores situados en zonas suxeitas a programas de reestruturación ou de desenvolvemento relativos a algún tipo de intervención pública co obxecto de evitar o abandono de terras ou para compensar desvantaxes específicas para os agricultores

nessas zonas, precedendo petición, asignaráselles dereitos da reserva nacional de acordo cos criterios establecidos no Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril.

4. No ano 2010, no que se refire aos viticultores cuxas explotacións se encontren adscritas a programas de reestruturación da viña, citados no número 2.c) 2.º do artigo 23, e que efectuasen entregas de uva destinadas á destilación de alcohol de boca, percibirán 700 euros por dereito, mentres que os que efectuasen entregas de uva para elaboración de mosto non destinado á vinificación percibirán 147 euros por dereito.

5. O número de dereitos calcularase partindo do número de hectáreas reestruturadas polo viticultor sobre as cales se calculará unha porcentaxe de superficie en función dos datos medios establecidos no período de referencia para o produtor a que realizase as súas entregas o viticultor.

6. En primeiro lugar asignaranse os dereitos establecidos nos casos do número 2.a do artigo 23. Se despois de realizar esta asignación existe remanente na reserva, asignaranse os dereitos establecidos nos casos do número 2.b do mesmo artigo. Finalmente, se despois desta segunda asignación segue a existir remanente na reserva, asignaranse os dereitos establecidos nos casos do número 2.c dese artigo. En caso de ser necesario darase prioridade, dentro das asignacións para os casos 2.b e 2.c, aos agricultores considerados prioritarios segundo o artigo 16 da Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sustentable do medio rural.

Artigo 26. *Asignación de dereitos da reserva nacional.*

1. As comunidades autónomas remitirán ao Fondo Español de Garantía Agraria a información contida nas solicitudes a que fai referencia o artigo 23.1, ben como unha relación das propostas de resolución ordenadas en dous grupos. Nun primeiro grupo incluíranse os solicitantes referidos no número 2.b) 1.ª do artigo 23, e nun segundo grupo o resto dos solicitantes. Consonte a información recibida e as dispoñibilidades da reserva nacional, o Fondo Español de Garantía Agraria establecerá os dereitos que se asignarán a cada agricultor e remitirá a información a cada comunidade autónoma.

2. As comunidades autónomas notificarán a asignación de dereitos aos agricultores do seu ámbito antes do 31 de decembro de cada ano. Transcorrido este prazo sen se ter ditado e notificado a resolución expresa, os interesados poderán entender desestimada a súa solicitude, de conformidade co establecido no artigo 44.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Así mesmo, de acordo co previsto no artigo 60 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, a resolución da asignación de dereitos da reserva poderá ser obxecto de publicación no diario oficial de cada comunidade autónoma e exporse na páxina web e nos taboleiros de anuncios destas, ben como nas do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño e das delegacións e subdelegacións do Goberno nas comunidades autónomas.

CAPÍTULO V

Cesión de dereitos de pagamento

Artigo 27. *Cesión de dereitos de axuda.*

1. Os dereitos de axuda poderán ser obxecto de cesión entre agricultores establecidos en todo o territorio nacional, execptuando a Comunidade Autónoma de Canarias, ben en venda, arrendamento ou mediante calquera outra forma admitida en dereito.

A venda dos dereitos de axuda pódese realizar con ou sen terras. Nos casos de arrendamento de dereitos irá acompañado da cesión dun número equivalente de hectáreas admisibles polo mesmo período de tempo.

2. Poderanse ceder voluntariamente á reserva nacional todos os dereitos de axuda que non se vaian utilizar.

No caso de cesións de fraccións de dereitos, con ou sen terras, realizarase o cálculo e asignación do valor do dereito de acordo con criterios proporcionais.

3. En caso de cesión dos dereitos especiais, a exención da obriga de declarar un número de hectáreas admisibles equivalente ao número de dereitos de axuda establecida no real decreto que regule a solicitude única en cada campaña, só se manterá se se ceden todos os dereitos de axuda obxecto da excepción, considerándose neste caso unha cesión de dereitos de axuda con terras.

En caso de que a cesión de dereitos especiais sexa parcial, os dereitos cedidos pasarán a normais e non se poderá solicitar o restablecemento das condicións especiais para eles.

Artigo 28. *Retencións.*

1. No caso de venda ou cesión definitiva de dereitos de axuda sen terras, restituírase á reserva nacional o 30 por cento do valor de cada dereito de axuda. A porcentaxe anterior será do 3 por cento se o cesionario é un profesional da agricultura no senso do artigo 16 da Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sustentable do medio rural, ou titular dunha explotación prioritaria de acordo co previsto na Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias.

No caso de venda ou cesión definitiva de dereitos de axuda con terras, restituírase á reserva nacional o 3 por cento do valor de cada dereito de axuda.

No caso de venda ou cesión definitiva de dereitos asociada a unha finalización dun arrendamento de terras en que se devolven as terras ao seu propietario, ao cal se lle venden tamén os dereitos en cuestión, restituírase á reserva nacional o 3 por cento do valor de cada dereito de axuda. O número de dereitos vendidos ou cedidos deberá ser sempre menor ou igual ao número de hectáreas admisibles implicadas na operación de finalización de arrendamento.

2. No caso de venda ou cesión definitiva de dereitos de axuda con toda a explotación, restituírase á reserva nacional o 3 por cento do valor de cada dereito de axuda.

3. Non se aplicará ningunha retención nos seguintes supostos:

a) En caso de venda ou cesión definitiva dos dereitos de axuda con ou sen terras a un agricultor que inicia a actividade agraria.

b) Nos casos de substitución do titular con motivo de herdanzas, xubilacións en que o cesionario dos dereitos sexa un familiar de primeiro grao do cedente, programas aprobados de cesamento anticipado, incapacidade laboral permanente, cambios de personalidade xurídica, agrupacións de varias persoas físicas ou xurídicas noutra persoa xurídica ou ente sen personalidade xurídica e escisións de persoas xurídicas ou de agrupacións de persoas físicas. Todas estas circunstancias deberán ser probadas mediante documento público que faga fe.

Artigo 29. *Notificación á Administración das cesións de dereitos.*

1. As cesións poderanse realizar en calquera momento do ano.

2. O cedente comunicará a cesión dos dereitos de axuda á autoridade competente ante a cal presentase a súa última solicitude única entregando xunto a esa comunicación os documentos necesarios, en función do tipo de cesión elixida, para demostrala. O período de comunicación iniciarase o 1 de novembro e finalizará seis semanas antes da finalización do prazo de presentación da solicitude única do seguinte ano.

Entenderase que a cesión foi aceptada se ás seis semanas desde a comunicación a autoridade competente non notificou motivadamente a súa oposición. Unicamente se poderá opor á cesión cando esta non se axuste ás disposicións do Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro.

3. Todos os cambios de titularidade por motivo de herdanzas, xubilacións en que o cesionario dos dereitos sexa un familiar de primeiro grao do cedente, programas aprobados de cesamento anticipado, incapacidade laboral permanente, fusións ou escisións e cambios de personalidade xurídica, ben como as modificacións dos arrendamentos

debidos a cambios de titularidade, notificaranse ás autoridades competentes, fornecendo, ao menos, a información que figura no anexo VII, antes da data límite do prazo de presentación da solicitude única.

Disposición derogatoria. *Derrogación normativa.*

1. Queda derogado o Real decreto 1612/2008, do 3 de outubro, sobre aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría.

2. Quedan derogados os títulos preliminar e I do Real decreto 262/2008, do 22 de febreiro, sobre a integración das froitas e hortalizas no réxime de pagamento único e o establecemento dos pagamentos transitorios para os sectores de cítricos e tomates enviados a transformación.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.13.^a da Constitución, que reserva ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento e modificación.*

Facúltase a ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño para adaptar os anexos ás exixencias derivadas da normativa comunitaria e para modificar as datas que se establecen neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 13 de novembro de 2009.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño,
ELENA ESPINOSA MANGANA

ANEXO I

Período de referencia, porcentaxes de axuda que se integran no pagamento único e límite orzamentario

LIÑA DE AXUDA	PERÍODO DE REFERENCIA	PORCENTAXE PARA DESLIGAR	LÍMITE ORZAMENTARIO (000€)
Cultivos herbáceos	2007-08 e 2008-09	25%	414.695
Prima calidade trigo duro	2007-08 e 2008-09	100%	22.372
Oliveira	2007-08 e 2008-09	6,39%	103.140
Cítricos			93.733
Tipo 1: Laranxas, mandarinas, clementinas e satsumas.	30 setembro 2006	100%	80.333
Tipo 2: Limóns	30 setembro 2006	100%	13.333
Tipo 3: Toranxas e pomelos	30 setembro 2006	100%	67
Tomate para transformación	Dereitos asignados en 2008	50%	28.116,5
Ovino e caprino.			
Prima base	2008	50%	183.499
Prima complementaria	2008	50%	55.795
Destilación de alcohol de boca	2005-06 e 2006-07	100%	123.242
Prima á arrinca de viña	2008-09, 2009-10, 2010-11	100%	A establecer anualmente por Regulamento da Comisión
Prima ás proteaxinosas	2007-08 e 2008-09	100%	10.905
Axuda específica ao arroz	2007-08 e 2008-09, que se axustará por comunidades autónomas ao limiar recoñecido pola Unión Europea, en función da superficie de base nacional	100%	49.993
Axuda por superficie aos froitos de casca	2007-08 e 2008-09	100%	68.610
Axudas pataca para fécula	2007-08 e 2008-09	100%	129
Prima á fécula de pataca	2007-08 e 2008-09	100%	43
Axuda transformación forraxos desecadas	2007-08 e 2008-09	100%	43.725
Axudas transformación liño e cânabo	2007-08 e 2008-09	100%	138
Axuda ás sementes	2007-08 e 2008-09	100%	10.347
Prima por sacrificio bovino	2007-08 e 2008-09	33%	47.735
Tabaco cru	Dereitos asignados en 2006	7%	8.237

ANEXO II

Proposta de alegacións á asignación provisoria de dereitos de pagamento único

D./Dña. con NIF* n.º
con domicilio en, localidade de, provincia
de, C.P. e n.º Tfno.:

EXPÓN

Que non está de acordo coa asignación provisoria de dereitos de pagamento único polos seguintes motivos (marcar o que proceda):

Non se lle notificaron dereitos provisorios e:

foille establecida superficie determinada de cultivos herbáceos e/ou prima á calidade do trigo duro e/ou oliveira e/ou prima ás proteaxinosas e/ou axuda específica ao arroz e/ou axuda por superficie aos froitos de casca e/ou axudas aos produtores de pataca para fécula e/ou axuda para a transformación de forraxes desecadas e/ou axuda á transformación de liño e cânabo e/ou axuda ás sementes.

fóronlle establecidos animais determinados para o cobramento da prima por ovella e cabra e/ou prima por sacrificio do gando bovino

realizou entregas no período de referencia a produtores que entregaron viño para destilación,

percibiu a prima á arrinca de viña no período de referencia,

realizou na SU 2008 declaración de superficies plantadas de cítricos en 30-09-2006.

Existen erros materiais nos dereitos provisorios comunicados.

En todos os casos se deberá presentar:

- Certificado do produtor de viño a quen o agricultor realizou as entregas no período de referencia, no cal se confirme a modificación de datos solicitada polo agricultor no caso deste sector.
- Outra información que determine a autoridade competente.

Produciuse un cambio de titularidade nos dereitos provisorios comunicados como consecuencia de:

Herdanza ou transmisión *inter vivos*.

Fusión

Escisión

Cambio de personalidade xurídica ou de denominación

Compravenda

Para cada un destes casos entregarase a información contida no anexo V.

SOLICITA

Quen asina abaixo declara seren certos os datos indicados e solicita que se lle realice unha asignación definitiva dos dereitos de axuda de pagamento único conforme o exposto na disposición adicional primeira deste real decreto, para o cal entrega a documentación necesaria.

En, o de de 2010

Ado.: _____

*En caso de estranxeiros deberase consignar o NIE ou, na súa falta, o número de pasaporte.

ANEXO III

Proposta de comunicación de inicio de actividade durante o período de referencia

D./Dña* con NIF* n.º
con domicilio en, localidade de,
provincia de, C.P. e n.º Tfno.:

EXPÓN:

Que o cálculo xeral do establecemento das hectáreas e importes de referencia foi efectuado pola Administración dividindo por anos.

Que iniciou a actividade agraria no ano....., e que non exerceu actividade agraria ningunha nos 5 anos anteriores.

Que exerceu a actividade agraria desde ese ano até a actualidade (1).

DECLARACIÓN E SOLICITUDE:

Quen asina abaixo declara seren certos os datos indicados e solicita que se lle estableza a media do pagamento único en función dos anos en que exerceu a actividade dentro do período de referencia.

En, o de de 2010

Ado.:

(1) Documentación

Copias das declaracións do imposto sobre a renda necesarias ou,

Autorización aos órganos competentes das comunidades autónomas para obteren directamente da Axencia Tributaria ou da Tesouraría Xeral da Seguranza Social a certificación ou información que xustifique o desenvolvemento dunha actividade agraria durante os anos indicados (indícase que a presentación da solicitude implica esa autorización)

Outros documentos que especifica o interesado
.....

* No caso da existencia dun herdeiro ou destinatario da explotación, exprésense tamén os datos deste, que, ademais, deberá cubrir a solicitude correspondente conforme o anexo II.

ANEXO IV

Proposta de comunicación de causa de forza maior ou circunstancia excepcional

D./Dña. con NIF n.º.....
con domicilio en, localidade de.....,
provincia de....., C.P..... e n.º Tfno.:

En calidade de:

Agricultor que se integra no pagamento único conforme o establecido no Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro.

Herdeiro ou destinatario da explotación de

D./Dña.....

..... NIF, durante o período de referencia.

EXPÓN:

Que nas campañas: 20__ / 20__ 20__ / 20__

A súa explotación se viu afectada pola seguinte causa de forza maior ou circunstancia excepcional:

- a) Falecemento ou desaparición física do agricultor.
- b) Incapacidade laboral de longa duración do agricultor.
- c) Catástrofe natural grave que afectase seriamente as terras agrarias da explotación (en ningún caso se poderán considerar incluídas circunstancias climáticas anormais ocorridas nunha ou varias campañas).
- d) Destrución accidental de naves gandeiras da explotación.
- e) Epizootia que afectase unha parte ou a totalidade do gando do agricultor.

SOLICITA:

Quen asina abaixo declara seren certos os datos indicados e que, segundo o indicado no artigo 16, non se teña en conta o ano/os anos indicados para o cálculo do importe do pagamento único.

En, o de de 2010

Ado.:

Documentación:

- Caso a) Certificado de defunción ou denuncia da desaparición, declaración de ausencia ou declaración de falecemento
- Caso b) Certificado do centro xestor da Seguranza Social sobre incapacidade de longa duración

O solicitante poderá autorizar os órganos competentes das comunidades autónomas para obteren directamente do centro xestor da Seguranza Social a certificación ou información que demostre a incapacidade de longa duración.
- Caso c) Copia da solicitude de axudas PAC para o ano/anos da catástrofe e da PAC do ano anterior e breve descrición dos feitos.

Copias das declaracións do imposto sobre a renda necesarias ou

Autorización aos órganos competentes das comunidades autónomas para obteren directamente da Axencia Tributaria ou da Tesouraría Xeral da Seguranza Social a certificación ou información que demostre o desenvolvemento dunha actividade agraria durante os anos indicados (indícase que a presentación da solicitude implica esa autorización).

Outros documentos especificados polo interesado que demostren o suposto solicitado
.....

ANEXO V

Proposta de documentación para presentar en caso de cambio de titularidade dos dereitos provisorios establecidos conforme o artigo 17

1. En todas as solicitudes de cambio de titularidade:
 - Identificación (NIF, enderezo e teléfono) do produtor/es do período de referencia e do novo propietario/s a que se deben asignar os dereitos definitivos.
 - Acreditación do representante legal en caso de tratarse dunha persoa xurídica ou dun ente sen personalidade xurídica.
 - Copias das declaracións do imposto sobre a renda necesarias ou
 - Autorización aos órganos competentes das comunidades autónomas para obteren directamente da Axencia Tributaria ou da Tesouraría Xeral da Seguranza Social a certificación ou información que xustifique o desenvolvemento dunha actividade agraria (indícase que a presentación da solicitude implica esa autorización).
 - Outros documentos especificados polo interesado ou solicitados pola autoridade competente.
2. Herdanza real ou anticipada (incluído o usufruto):
 - En caso de transferencia parcial de explotación, indíquese a porcentaxe da explotación que pasa ao novo titular e xúntese a información sobre a localización das parcelas transferidas.
 - A documentación necesaria para demostrar a herdanza ou transmisión *inter vivos*.
3. Cambio de personalidade xurídica ou de denominación:
 - Documento demostrativo do cambio do tipo de persoa xurídica ou denominación.
 - Escritura pública de constitución da sociedade en caso de nova persoa xurídica.
4. Agrupación ou fusión de varias persoas físicas ou xurídicas noutra persoa xurídica ou ente sen personalidade xurídica:
 - Copias das escrituras da sociedade actual ou agrupación resultado da fusión ou outros documentos demostrativos desta, onde se indique a data en que se levou a cabo.
 - Declaración en que se recoñeza que a explotación resultante da fusión contén a totalidade das persoas físicas ou xurídicas que se fusionaron.
5. Escisión de persoas xurídicas ou de agrupacións de persoas físicas:
 - Documento público ou privado que reflecta a escisión asinado por todas as partes e no cal se indique a porcentaxe da explotación que pasan a cada novo titular, xuntando a información sobre a localización das parcelas transferidas.
6. Contrato de compravenda de unidades de produción con dereitos:
 - Documento público ou privado de transferencia asinado por ambas as partes en que se indique a porcentaxe da explotación que pasa ao comprador, xuntando a información sobre a localización das parcelas transferidas ou certificación do Rexistro da Propiedade.

ANEXO VI

Documentación acreditativa dos solicitantes á reserva nacional

Con carácter xeral, os solicitantes deberán presentar:

1. Unha relación detallada de todas e cada unha das parcelas da súa explotación de acordo co disposto no Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro.
2. Copias das declaracións do imposto sobre a renda necesarias ou
3. Autorización aos órganos competentes das comunidades autónomas para obteren directamente da Axencia Tributaria ou da Tesouraría Xeral da Seguranza Social a certificación ou información que xustifique o desenvolvemento dunha actividade agraria (indícase que a presentación da solicitude implica esa autorización).
4. Calquera outra documentación que determine a autoridade competente.

En particular:

1. Agricultores lexitimados para recibiren dereitos de axuda ou para aumentaren o valor dos dereitos existentes, por sentenzas xudiciais ou actos administrativos firmes.
 - Copia da sentenza ou do acto administrativo firme.
2. Novos agricultores que iniciaron a súa actividade agraria despois do período de referencia.
 - Documentos demostrativos do inicio da actividade.
 - Se for o caso, declaración de colleita da campaña 2007/2008.
3. Agricultores que se encontren en zonas destinadas a zonas de reestruturación ou de desenvolvemento relativas a algún tipo de intervención pública.
 - Xustificación, en cada caso, da circunstancia relativa á súa explotación dentro da zona.

ANEXO VII**Cesión de dereitos de axuda**

DATOS DO CEDENTE

NOME E APELIDOS /RAZÓN SOCIAL:

NIF:

IDENTIFICACIÓN DOS DEREITOS CEDIDOS

1.-	(%)	2.-	(%)
3.-	(%)	4.-	(%)
5.-	(%)	6.-	(%)
7.-	(%)	8.-	(%)
9.-	(%)	10.-	(%)

DATA DE CESIÓN:

SINATURA DO CEDENTE

DATOS DO CESIONARIO

NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL:

NIF:

SINATURA DO CESIONARIO

MOTIVO DA CESIÓN (marcar o que proceda)

Herdanza	<input type="checkbox"/>	Cambio de denominación	<input type="checkbox"/>
Compravenda	<input type="checkbox"/>	Arrendamento	<input type="checkbox"/>
Fusión	<input type="checkbox"/>	Escisión	<input type="checkbox"/>
Devolución voluntaria á reserva nacional			<input type="checkbox"/>
Outros	<input type="checkbox"/>	(Indíquese o motivo ou circunstancias)	

Nota 1: cubrir tantas follas como sexan necesarias para o número de dereitos cedidos.

Nota 2: deberase xuntar toda a documentación necesaria para xustificar o tipo de cesión solicitado.